

RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 17 DE MARZO DE 2004

Ás 10 horas en segunda convocatoria, na Sala do Consello de Goberno do Reitorado, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno presidida polo Excmo. Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I** e cos asistentes que se relacionan no **ANEXO II**.

1. INFORME DO REITOR

O Sr. Reitor dá a palabra á Secretaria Xeral para que informe da situación do PAS na UDC. A Secretaria Xeral informa de que nos meses de xaneiro e febreiro tivo lugar a resolución do concurso de traslados convocado por Resolución reitoral do 12 de decembro de 2002 para a provisión de postos de traballo vacantes na categoría profesional de auxiliares de servizos nesta universidade, a resolución das probas selectivas para a provisión de 13 prazas de auxiliares de servizos (grupo IV-B) convocadas por Resolución reitoral do 23 de xaneiro de 2003, e a resolución das probas selectivas para a provisión de 11 prazas de conserxe convocadas por Resolución reitoral do 23 de xaneiro de 2003. A data de toma de posesión de todos estes procesos selectivos e de traslados fixouse para o día 10 de marzo de 2004. Non se considerou a posibilidade de que coincidiran no mesmo centro durante uns días a persoa saínte e a que se incorporaba para non crear baleiros noutros centros. Por Resolución reitoral do 5 de marzo de 2004 constituíuse a lista de espera A para a cobertura temporal de prazas de conserxe, integrada polas persoas que superaron todas as fases da oposición e non obtiveron puntuación suficiente para conseguir praza. Rematado o proceso selectivo para a provisión de 11 prazas da escala de auxiliares de arquivos, bibliotecas e museos, convocado por Resolución reitoral do 2 de xullo de 2002 (DOG do 29 de xullo) as persoas que obtiveron as prazas incorporáronse aos seus postos de traballo. Por Resolución reitoral do 3 de marzo de 2004 constituíuse a lista de espera A para a cobertura temporal de prazas desta escala, seguindo o criterio xa exposto para conserxes. Con data do 9 de marzo resolveuse o concurso para a provisión, polo sistema de libre designación, de diversos postos vacantes no cadro de persoal funcionario de administración e servizos desta universidade, convocado por Resolución reitoral do 15 de xaneiro de 2004. Trátase en concreto de seis postos de secretario de Vicerreitorado: de Estratexia e Planificación Económica, de Estudantes, de Calidade e Harmonización Europea, de Organización Académica, de Profesorado e de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, co resultado de que as persoas que estaban ocupando os postos en comisión de servizos pasan a desempeñalos por concurso de libre designación, de forma que os postos que ocupaban anteriormente poderán ser ofrecidos no próximo concurso de traslados do persoal funcionario, as bases do cal se están preparando. Con

data 23 de febreiro de 2004 presentou unha solicitude de excedencia voluntaria no posto de letrado asesor D. Gonzalo Barrio García, que foi aceptada por Resolución reitoral do 25 de febreiro, polo que desde o 1 de marzo o Sr. Barrio ocupa unicamente o posto de catedrático de escola universitaria con dedicación plena, xa non parcial. Con data do 2 de marzo, rexistro de saída do 3 de marzo, procedeuse a solicitar á Xunta de Galicia a concesión dunha comisión de servizos para Beatriz Rodríguez Fraga, letrada habilitada do SERGAS. Por Resolución reitoral de data 19 de febreiro de 2004 (DOG do 4 de marzo) procedeuse a convocar concurso para a provisión, polo sistema de libre designación, de diversos postos vacantes no cadro de persoal funcionario de administración e servizos desta universidade, en concreto un posto de secretario de Xerencia e un posto de secretario do Vicerreitorado de Infraestruturas e Xestión Ambiental. Por Resolución reitoral do 3 de marzo de 2004 convócase concurso de méritos para a contratación temporal dun técnico especialista en deseño gráfico (Grupo III de persoal laboral). Por Resolución reitoral de data 10 de marzo de 2004 procedeuse a convocar concurso para a provisión, polo sistema de libre designación, de diversos postos vacantes no cadro de persoal funcionario de administración e servizos desta universidade, en concreto un posto de vicexerente do Campus de Ferrol, dando así cumprimento a un punto destacado do programa electoral e un posto de secretario do Presidente do Consello Social. En Xerencia procedeuse a crear áreas de persoal e de asuntos económicos, co fin de impulsar, coordinar e supervisar a xestión das funcións na dita materia. Con data 9 de marzo coñeceuse a existencia dunha sentenza do TSX de Galicia que anulaba a convocatoria e adxudicación dunha praza de técnico en relacións internacionais desta universidade por facilitar o acceso á praza da concreta persoa que a obtivo pechando o paso a calquera outro aspirante, de forma contraria a dereito. É intención deste Reitorado elaborar unhas novas bases que cumpran da forma máis escrupulosa cos criterios de obxectividade, mérito e capacidade e volver a convocar canto antes a mencionada praza.

A continuación o Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, que informa das xestións para modificar a web da UDC e dar maior visibilidade aos seus contidos, para implementar o suplemento europeo ao título e as cualificacións numéricas, da posta en marcha da Comisión de Asesoramento e Formación no CUFIE, de que se poderán facer este ano as enquisas de avaliación do profesorado e un plan de formación, da reunión mantida en Santiago referente ao novo CAP.

A continuación o Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estudantes, que informa da convocatoria de dúas bolsas de colaboración co SAPE, de axudas de viaxes de estudos e dos criterios para a súa resolución, da apertura das Aulas NET con bolseiros e dos criterios para o reparto do número de bolseiros por centro (dótase con máis bolsas aos centros que non teñen persoal Labora dedicado a estas funcións) da ampliación dos horarios nas aulas de estudo dos campus, das xestións para asinar convenios de colaboración con entidades que permitan atender mellor aos estudantes discapacitados, das xestións para a posta en marcha do apeadeiro de Elviña e da última reunión sectorial CRUE CUNAE.

A continuación o Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, que informa da convocatoria polo procedemento de urxencia de dúas prazas de profesor asociado T-3 a tempo parcial nas Áreas de Comunicación audiovisual e publicidade e Proxectos de enxeñería. As prazas saen para atender as necesidades docentes orixinadas pola denegación da compatibilidade aos profesores que ocupaban dúas prazas de contrato laboral de duración determinada e contrato interino de substitución. Recibida a solicitude do profesor Meilán Gil de pasar de profesor emérito contratado a tempo completo a profesor emérito a tempo parcial e despois do informe da Asesoría Xurídica e da COAP, apróbase a solicitude con efectos económicos do 1 de abril de 2004. Recibido o informe favorable do Consello de Coordinación Universitaria para o nomeamento do profesor emérito de D. Rafael Baltar Tojo, apróbase a súa contratación como profesor emérito.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación, que informa da convocatoria anual de cursos, congresos e xornadas.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 12 DE FEBREIRO DE 2004

Apróbase por asentimento a acta da sesión do Consello de Goberno do día 12 de febreiro de 2004.

3. INCLUSIÓN, SE PROCEDE, NA ACTA DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 28 DE NOVEMBRO DE 2002 DO TEXTO QUE RECOLLE A INTERVENCIÓN LITERAL DE D. FERMÍN NAVARRINA NES A SESIÓN

A Secretaria Xeral informa de que, mediante un escrito do 29 de outubro de 2003, con data de entrada no Rexistro Xeral do 31 de outubro, o Sr. Navarrina solicita ao Sr. Reitor en funcións D. Alfonso Barca Lozano que se inclúa na Acta da sesión do Consello de Goberno do 28 de novembro de 2002 a transcripción íntegra da intervención que tivo na dita sesión e da cal achegou no seu momento o texto literal. No seu día o Sr. Reitor D. José Luis Meilán Gil negoulle verbalmente esa inclusión e o Sr. Navarrina, posteriormente, tanto antes do Consello, por escrito, como chegado o momento de aprobar a Acta na seguinte sesión do Consello, que tivo lugar o día 20 de decembro, reiterou novamente a súa solicitude, que lle foi novamente denegada verbalmente. O Defensor Universitario manifestouse en escrito de data 17 de xullo de 2003 apoiando a petición do interesado, se ben tivo que arquivar o caso á vista de que se trataba dun acto que poñía fin á vía administrativa e, por tanto, carecía de competencia ao respecto. De acordo co art.27.2 da LRX-PAC 30/1992, “calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que porte no acto, ou no prazo que sinala o Presidente, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose así constar na acta ou uníndose copia a esta”. Afirma a Secretaria Xeral que nunca foi obxecto de discusión, segundo se desprende da

documentación do caso, que o texto se corresponde coa intervención do Sr. Navarrina durante a sesión do Consello. Tampouco se discutiu que presentou o texto en tempo e forma, co fin de que puidera constar na acta ou unirse copia a esta. Certo é que o acordo do Consello de Goberno, de conformidade cos vixentes Estatutos, esgota a vía administrativa. Tamén é certo que de acordo co art.105.1 da Lei 30/1992, “as administracións públicas poderán revogar en calquera momento os seus actos de gravame ou desfavorables, sempre que tal revogación non constitúa dispensa ou exención non permitida polas leis, ou sexa contraria ao principio de igualdade, ao interese público ou ao ordenamento xurídico”. A Secretaria Xeral sinala que a decisión de non incluír na Acta o texto que se corresponde coa intervención dun dos membros deste Consello, presentado en tempo e forma, constitúe un acto desfavorable que pode e, ao seu xuízo, debe ser revogado, en aras de non sentar un precedente que nega os dereitos dos membros deste órgano colexiado, e que é a nosa intención respectar sempre. Polo exposto, solicítaselle a este Consello a súa aprobación para unir copia da intervención do Sr. Navarrina á Acta da sesión do Consello de Goberno do 28 de novembro de 2002.

Ábrese un debate no que participan, entre outros, os Sres. Pedreira, García-Pita, Arcay, Blanco Filgueira, Fernández Cervantes, Navarrina, Martínez López, Candedo Gunturiz, Grela Barreiro, Pérez Roel, Vidal Romaní, a Secretaria Xeral e o Reitor. Discútese tanto a legalidade da proposta como a súa oportunidade.

Apróbase por asentimento que o texto que recolle a intervención literal do Sr. Navarrina na sesión do Consello de Goberno do 28 de novembro de 2002 se inclúa na Acta da sesión do 17 de marzo de 2004. É o **ANEXO III**.

4. APROBACIÓN DE CONVENIOS

A Secretaria Xeral informa sobre os convenios que figuran no **ANEXO IV** desta Acta, sen que se solicite ningunha aclaración por parte dos membros do Consello de Goberno.

Os Convenios son **aprobados** por asentimento.

5. CURSO DE ESPECIALIZACIÓN: TÉCNICO MEDIOAMBIENTAL PARA EMPRESAS DA CONSTRUCCIÓN

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica informa sobre o Curso de Especialización: Técnico medioambiental para empresas da construción, que se recolle como **ANEXO V** e sinala que debe corrixirse un erro na documentación enviada aos membros do Consello porque a matrícula non é gratuíta como aparece nesa documentación, senón que costa 1440 euros, que son completamente subvencionados por APECCO.

O Curso é **aprobado** por asentimento.

6. NOMEAMENTOS

A Secretaria Xeral informa que se propoñen os seguintes nomeamentos:

- Directora da OTRI: D^a. Pilar Pintor
- Delegado do SAPE en Ferrol: D. Salvador Naya.

A Secretaria Xeral informa así mesmo que, de acordo cos Estatutos da Fundación Universidade da Coruña, o seu Padroado está integrado por un máximo de 28 membros, dos cales o 25% será designado pola Xunta de Goberno da UDC. Proponse a substitución dos que ocupaban cargos unipersoais, elixidos no Consello do 20 de decembro de 2002, polo que se nomea ao Sr. Reitor, a Secretaria Xeral, a Sra. Vicerreitora de Investigación, o Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, a Sra. Vicerreitora de Organización Académica, o Sr. Vicerreitor de Relación Universidade-Empresa e o Sr. Xerente.

Apróbase por asentimento.

7. PROPOSTA DE ACORDO SOBRE OS QUINQUENIOS DE DOCENCIA

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa de que, recibida a petición dun profesor que ten concedidos 6 quinquenios de docencia, e cumprido o sétimo quinquenio e avaliado favorablemente, proponse o seguinte acordo: os profesores que teñan concedido o número máximo de 6 quinquenios poderán solicitar que se substitúa un quinquenio por outro de nivel superior, unha vez superada a avaliación positiva dun novo período de 5 anos.

A proposta **apróbase** por asentimento.

8. PROPOSTA DE LIMITACIÓN DE PRAZAS PARA O CURSO 2004/05

Apróbase por asentimento a limitación de prazas para o curso 2004/05 que se inclúe como **ANEXO VI**.

9. VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO

O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica informa de que se presentan para validación os expedientes que figuran no **ANEXO VII**.

Apróbase por asentimento.

10. ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Fernández Cervantes, ao fío dunha intervención dos Sres. Villar de la Riera e Colina Garea no punto 8 da orde do día, pregunta se existe unha normativa de traslados aprobada en Xunta de Goberno que establece un máximo do 10% das matrículas de novo ingreso, e solicita que se modifique adoptando o criterio anterior, que era máis esixente, establecendo para permitir o traslado o requisito de que a nota do alumno fose igual ou superior á nota de corte de entrada na titulación. A Sra. Vicerreitora de Organización Académica contesta que toma nota de suxestión e levará o tema á Comisión de Plan de Estudos unha vez que se lle presente por escrito. O Sr. Reitor informa que se están a celebrar reunións cos administradores dos centros.

O Sr. Vidal Romaní pregunta cal foi a actitude da UDC cara aos atentados do 11 de marzo. O Sr. Reitor contesta que se fixo unha declaración institucional de repulsa, publicada na web, na liña da CRUE e que se mantiveron concentracións nos Campus e no Reitorado.

O Sr. Colina Garea pregunta se existirá un enlace coa zona do Burgo, Cambre... a través do apeadeiro. O Sr. Vicerreitor de Estudantes contesta que si e informa das paradas e das frecuencias.

A Sra. Martínez López informa da pésima situación dos transportes a Filoloxía, sen marquesiña, sen luz e que o acceso non é apto para discapacitados. O Sr. Reitor informa das conversacións mantidas co Concelleiro de Tráfico e coa Compañía de Tranvías e das dificultades de implementar unha solución conveniente tamén para os veciños da zona.

O Sr. Valderruten Vidal solicita que no POD se teña máis en conta a dirección de proxectos de fin de carreira e de forma máis equilibrada e axustada á realidade. Os Sres. Vicerreitores de Profesorado e de Organización Académica contestan que se estudará.

O Sr. Pedreira pregunta polo contencioso interposto solicitando a nulidade da RPT e se é verdade que o letrado da UDC é un avogado non pertencente á Asesoría Xurídica. A Secretaria Xeral contesta que o recurso foi interposto por 11 funcionarios e persoal laboral da UDC, que a universidade é codemandada, que é competencia do reitor representar xudicialmente á universidade e que o fai defendendo o que entende que é o mellor para a universidade. En relación co letrado que leva o asunto, informa tamén que se trata de D. Miguel Ángel Quintela Prieto, vinculado á UDC por un contrato de asesoría técnica que se asinou cando en conversacións mantidas co letrado-asesor Sr. Barrio García se tivo noticia de que este presentaría a solicitude de excedencia voluntaria para incorporarse ao seu posto de catedrático de escola universitaria a tempo completo. Considerando que era mellor que o caso o levara dende o inicio o mesmo letrado procedeuse a apoderar ao Sr. Quintela quen, mentres non se incorpora como letrado-asesor en comisión de servizos a letrada habilitada do SERGAS Dona Beatriz Rodríguez Fraga, defende en xuízo os intereses da Universidade da Coruña.

Non habendo máis asuntos que tratar, remátase a sesión ás 13.00 horas. De todo o anterior dou fe, como Secretaria, co visto e prace do Sr. Presidente

Vº. e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

José María Barja Pérez

Patricia Faraldo Cabana